

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2024/E001/000009
Exp. 2024/G003/002246

**PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN
TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO**

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 22-07-2024, ditou a resolución con número 2102/2024 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Listaxe Definitiva de persoas admitidas e excluídas e nomeamento do tribunal cualificador do proceso selectivo para a provisión temporal do persoal para a Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais e de tres (3) operarios/as de motobomba.

ANTECEDENTES

Primeiro.- Por Resolución da Alcaldía núm. 1735/2024, do 21/06/2024, aprobáronse as Bases Xerais e Bases Específicas que regularan a convocatoria pública e o proceso selectivo para a provisión temporal do persoal para a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais e de tres operarios/as de motobomba (Programa convenio interadministrativo entre a Consellería de Medio Rural eo Concello de Carballo, para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2023-2024).

Publicouse anuncio da aprobación das bases xerais e bases específicas e da convocatoria antedita no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña núm. 125, do 01/07/2024, establecéndose un prazo de presentación de solicitudes de cinco (5) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

Dito prazo de presentación de solicitudes rematou o 08/07/2024.

Segundo.- Con data 04/07/2024 e rexistro de entrada núm. 202499900003779, a persoa Responsable do Sector Local da Federación de Administración Pública da Confederación Intersindical Galega (CIG - Administración pública) na comarca da Coruña, interpuxo recurso potestativo de reposición contra as «Bases reguladoras do proceso selectivo para a provisión temporal do persoal para a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais e de tres operarios/as de motobomba (programa convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Carballo, para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2023-2024)».

Terceiro.- Por Resolución da Alcaldía núm. 1856/2024, do 08/07/2024, estimouse o citado recurso potestativo de reposición e, en consecuencia, acordouse **modificar** as «Bases reguladoras do proceso selectivo para a provisión temporal do persoal para a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais e de tres operarios/as de motobomba (programa convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Carballo, para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2023-2024)».

Cuarto.- Estimado o recurso de reposición interposto contra as «Bases reguladoras do proceso selectivo para a provisión temporal do persoal para a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais e de tres operarios/as de motobomba», por Resolución da Alcaldía núm. 1858/2024, do 08/07/2024, aprobouse modificar as anteditas bases que rexerán a selección como persoal temporal dun/ha (1) xefe/a de brigada, un/ha (1) peón/peoa condutor/a e tres (3) peóns/peoas para a Brigada de prevención e defensa contra incendios, así como, de tres (3) operarios/as de motobomba.

As bases modificadas foron publicadas integramente no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (www.sede.carballo.gal) e na páxina web municipal (www.carballo.gal).

Publicouse anuncio da aprobación da modificación das bases xerais e bases específicas e da convocatoria antedita no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña núm. 132, do 10/07/2024, establecéndose un novo prazo de presentación de solicitudes de cinco (5) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2024/E001/000009
Exp. 2024/G003/002246

Dito prazo de presentación de solicitudes rematou o 17/07/2024.

Rematado o prazo regulamentario para a presentación de instancias e logo de examinar as solicitudes presentadas xunto coa documentación que as acompaña, de acordo co sinalado nas Bases quinta e sexta da convocatoria, e non existindo aspirantes excluídos con **causa de exclusión emendable**, pola presente,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a Listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas (Anexo I, II, III e IV) e excluídas (Anexo V, VI, VII e VIII) no proceso selectivo para a provisión temporal dun/ha (1) xefe/a de brigada, un/ha (1) peón/peoa condutor/a e tres (3) peóns para a Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais, así como, de tres (3) operarios/as de motobomba.

Segundo.- Designar o tribunal cualificador previsto na base sexta da convocatoria, que estará composto polos seguintes membros:

Presidenta:

Titular: D^a. **Carmen Del Río Rodríguez**
TAX - Xefa do Servizo de Contratación e Patrimonio do Concello de Carballo.

Suplente: D^a. **Susana Mariño Lorenzo**
TAX - Xefa do Servizo de Administración Xeral do Concello de Carballo.

Vogal 1:

Títular: D^a. **María Carmen Pereiro Felipez**
Técnica de Normalización Lingüística do Concello de Carballo

Suplente: D. **Alfredo Garrote Pazos**
Xefe da Área de Urbanismo e Obras do Concello de Carballo.

Vogal 2:

Titular: D. **Francisco José Díaz del Valle**
Coordinador de Instalación Deportivas do Concello de Carballo

Suplente: D. **Manuel Varela Bardanca**
Técnico de Deportes do Concello de Carballo

Vogal 3:

Títular: D^a. **Mónica Andrade Tasende**
Técnica de Aperturas da OTM do concello de Carballo.

Suplente: D^a. **Lorena Castrillón Manso**
Xefa da Sección de Proxectos, Obras Públicas e Infraestruturas do Concello de Carballo.

Secretario:

Títular: D. **Vitor Recarei Añón**
Administrativo do Concello de Carballo

Suplente: D. **Carlos Collazo Martínez**
Xefe do Servizo de Xestión e Inspección Tributaria e Catastral do Concello de Carballo

Os membros do Tribunal poderán ser recusados nos termos establecidos polos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2024/E001/000009
Exp. 2024/G003/002246

Terceiro.- De acordo coa base sexta da convocatoria, nomear como asesores/as especialistas do Tribunal, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas:

Asesores: D. **Juan Fermín Insua Bello**

Axente Medioambiental da Xunta de Galicia do Distrito Forestal II

D. **Ramón Díaz Martínez**

Axente Medioambiental da Xunta de Galicia do Distrito Forestal II

D. **Fernando Mosteiro Pereira**

Médico do Servizo Galego de Saúde e

Profesor da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP)

D. **Francisco Javier Souto Facal**

Xefe do Servizo Municipal de Protección Civil do Concello de Carballo

Cuarto.- Convocar a todos os membros do tribunal para a **valoración de méritos da fase de concurso** que terá lugar o **martes 23 de xullo do 2024, ás 10.00 horas**, na Sala de Xuntas do Concello de Carballo, sita na segunda planta da Casa do Concello de Carballo (Praza do Concello, s/n, Carballo).

Quinto.- Convocar ás persoas aspirantes admitidas que non teñan acreditado estar en posesión do nivel de coñecemento requirido segundo a base terceira, letra h) (CELGA 2 / CELGA 3) para a celebración do exercicio da **fase de oposición, exercicio de avaliación do coñecemento da lingua galega**, que terá lugar o **martes 23 de xullo do 2024, ás 12.00 horas**, na Sala de Xuntas do Concello de Carballo, sita na segunda planta da Casa do Concello de Carballo (Praza do Concello, s/n, Carballo).

Sexto.- Convocar ás persoas aspirantes admitidas para a celebración do **primeiro exercicio da fase de oposición, proba física de esforzo**, que terá lugar o **mércores 24 de xullo de 2024, ás 10.00 horas**, no Pavillón Vila de Noia situado na Rúa Vila de Noia, S/N de Carballo.

Sétimo.- Convocar ás persoas aspirantes admitidas que opten á praza de **Peón/Peoa Conductor/a** para a celebración do **segundo exercicio da fase de oposición, proba práctica**, que terá lugar o **mércores 24 de xullo de 2024, ás 11.30 horas**, no edificio da Base de Protección Civil (edificio do antigo ambulatorio) situado na Avenida do Ambulatorio, S/N de Carballo.

Oitavo.- Convocar ás persoas aspirantes admitidas que opten á praza de **Peón/Peoa de Brigada** para a celebración do **segundo exercicio da fase de oposición, proba práctica**, que terá lugar o **mércores 24 de xullo de 2024, ás 12.00 horas**, no edificio da Base de Protección Civil (edificio do antigo ambulatorio) situado na Avenida do Ambulatorio, S/N de Carballo.

Noveno.- Convocar ás persoas aspirantes admitidas que opten á praza de **Operario/a Motobomba** para a celebración do **segundo exercicio da fase de oposición, proba práctica**, que terá lugar o **mércores 24 de xullo de 2024, ás 12.30 horas**, no edificio da Base de Protección Civil (edificio do antigo ambulatorio) situado na Avenida do Ambulatorio, S/N de Carballo.

Décimo.- Convocar ás persoas aspirantes admitidas que opten á praza de **Xefe/a de Brigada** para a celebración do **segundo exercicio da fase de oposición, proba teórico-práctica**, que terá lugar o **mércores 24 de xullo de 2024, ás 13.00 horas**, no edificio da Base de Protección Civil (edificio do antigo ambulatorio) situado na Avenida do Ambulatorio, S/N de Carballo.

Undécimo.- Expoñer esta resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello (www.sede.carballo.gal), e con carácter complementario na páxina web municipal (www.carballo.gal).

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2024/E001/000009
Exp. 2024/G003/002246

**ANEXOS
PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS**

ANEXO V: unha (1) praza de XEFE/A DA BRIGADA					
Nº	APELIDOS	NOME	DNI	Causas Exclusión	CELGA
1	PATIÑO EGEA	DIEGO	***1819**	-	SI
2	TARRIO CASTRO	JOSE MANUEL	***0204**	-	SI

ANEXO VI: unha (1) praza de PEÓN/PEOA CONDUTOR/A					
Nº	APELIDOS	NOME	DNI	Causas Exclusión	CELGA
1	NAYA RAMA	DAVID	***7086**	-	SI
2	PIDAL FERNANDEZ	RICARDO MANUEL	***1236**	-	SI
3	PIÑA LOUREIRO	GUSTAVO	***5716**	-	NON*
4	TARRIO CASTRO	JOSE MANUEL	***0204**	-	SI

*Deberá superar unha proba de acreditación de coñecemento da Lingua Galega. Nivel CELGA 2.

ANEXO VII: tres (3) prazas de PEÓN/PEOA DA BRIGADA					
Nº	APELIDOS	NOME	DNI	Causas Exclusión	CELGA
1	COSTA ABALO	JOAQUIN	***8040**	-	SI
2	COSTA TATO	JOSE MANUEL	***6658**	-	NON*
3	PIDAL FERNANDEZ	RICARDO MANUEL	***1236**	-	SI
4	PIÑA LOUREIRO	GUSTAVO	***5716**	-	NON*
5	TARRIO CASTRO	JOSE MANUEL	***0204**	-	SI

*Deberá superar unha proba de acreditación de coñecemento da Lingua Galega. Nivel CELGA 2.

ANEXO VIII: tres (3) prazas de OPERARIO/A MOTOBOMBA					
Nº	APELIDOS	NOME	DNI	Causas Exclusión	CELGA
1	COSTA TATO	JOSE MANUEL	***6658**	-	NON*
2	LORENZO CAAMAÑO	NEREA	***4125**	-	SI
3	NAYA RAMA	DAVID	***7086**	-	SI
4	PIÑA LOUREIRO	GUSTAVO	***5716**	-	NON*
5	TARRIO CASTRO	JOSE MANUEL	***0204**	-	SI

*Deberá superar unha proba de acreditación de coñecemento da Lingua Galega. Nivel CELGA 2.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2024/E001/000009
Exp. 2024/G003/002246

**ANEXOS
PERSOAS ASPIRANTES EXCLUÍDAS**

ANEXO V: unha (1) praza de XEFE/A DA BRIGADA					
Nº	APELIDOS	NOME	DNI	Causas Exclusión	CELGA
1	GRANDAL RODRIGUEZ	ADRIAN	***6257**	1	SI
2	IGLESIAS LOPEZ	GUILLERMO	***0008**	1,2,3,4,6,7	NON

ANEXO VI: unha (1) praza de PEÓN/PEOA CONDUTOR/A					
Nº	APELIDOS	NOME	DNI	Causas Exclusión	CELGA
1	IGLESIAS LOPEZ	GUILLERMO	***0008**	1,2,3,4,6,7	NON

ANEXO VII: tres (3) prazas de PEÓN/PEOA DA BRIGADA					
Nº	APELIDOS	NOME	DNI	Causas Exclusión	CELGA
1	IGLESIAS LOPEZ	GUILLERMO	***0008**	1,2,3,6,7	NON

ANEXO VIII: tres (3) prazas de OPERARIO/A MOTOBOMBA					
Nº	APELIDOS	NOME	DNI	Causas Exclusión	CELGA
1	IGLESIAS LOPEZ	GUILLERMO	***0008**	1,2,3,5,6,7	NON

CAUSAS DE EXCLUSIÓN NON EMENDABLE:

1. Non adxunta o xustificante de pagamento da taxa aplicable debidamente cuberto cos datos persoais da persoa aspirante e praza á que opta.

CAUSAS DE EXCLUSIÓN EMENDABLE:

- Non adxunta Copia do DNI ou documento de identificación esixido.
- Non adxunta Copia da titulación esixida.
- Non adxunta Copia do permiso de conducir categoría B, para aqueles aspirantes que opten ás prazas de Xefe/a de Brigada e Peón/Peoa Condutor/a.
- Non adxunta Copia do permiso de conducir categoría C, para aqueles aspirantes que opten ás prazas de Operario/a de motobomba.
- Non adxunta o Certificado Médico esixido.
- Non adxunta a Declaración Responsable esixida.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

A Secretaria Accidental

Evencio Ferrero Rodríguez

Susana Mariño Lorenzo

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2024/E001/000009
Exp. 2024/G003/002246

novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

A Secretaria Accidental

Susana Mariño Lorenzo